

A Cámara inicia un programa de creación e consolidación de empresas

Un equipo de consultores especialistas en xestión empresarial titorizará aos participantes

Ferrol. 15/07/2009. Persoas que queren pór en marcha un proxecto viable de creación de empresas e empresarios que buscan mellorar a rendibilidade do seu negocio, ou avaliar posibles alternativas de expansión, son os destinatarios do *Programa de Creación e Consolidación de Empresas* que comeza a próxima semana na Cámara de Comercio de Ferrol.

Ademais da vertente formativa, esta iniciativa ofrece, como valor engadido, o asesoramento individualizado dun equipo de consultores especialistas nas distintas áreas da empresa (mercadotecnia, finanzas, xurídica, fiscal, informática, etc.) que cada semana, durante dous meses, se desprazarán a Ferrol para formar, titorizar e facer un seguimento individualizado dos proxectos de cada participante.

No caso dos negocios xa constituídos, aos que se axuda a realizar un plan estratéxico de mellora, son os propios consultores os que acoden á empresa para traballar *in situ* co empresario.

Subvencionado pola Fundación Incyde das Cámaras de Comercio, a Consellería de Tráballo e o Fondo Social Europeo, o programa é totalmente gratuíto.

Nestes días, a persoa responsable da dirección e coordinación de devandito programa atópase no viveiro de empresa da Cámara entrevistándose cos promotores dos 30 proxectos que solicitaron incorporarse a esta iniciativa.

O obxectivo fundamental é proporcionar unha visión global das distintas áreas funcionais dun negocio, para poder determinar oportunidades de mercado e resolver os problemas que se poidan derivar da súa posta en marcha.

Ao mesmo tempo, trátase de facilitar a elaboración dun proxecto de empresa, desenvolvido e completo, que poida utilizarse polo emprendedor non só como guía de referencia para a creación do seu negocio senón tamén como medio de argumentación da súa viabilidade ante entidades públicas e financeiras.

